

## COMISIÓN DE GARANTÍA DA CALIDADE DA FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE

### ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 8 DE XULLO DE 2015

Acórdase por asentimento:

1. Aprobar as actas da reunión ordinaria de 8 de maio de 2015 e das reunións extraordinarias de 29 de maio e 8 de xuño de 2015.
2. En relación coas guías docentes do grao en Dereito:
  - a) Aprobar as guías que figuran en verde no informe de revisión das guías elaborado pola Coordinadora do Grao.
  - b) Aprobar as guías docentes que figuran en amarelo, sen prexuízo de recomendar aos profesores que fagan as correccións indicadas.
  - c) Aprobar as guías docentes que figuran en vermello, condicionadamente a que se fagan as correccións no prazo de 24 horas. Se nese prazo non e se fan as correccións as guías non serán aprobadas e poranse en marcha as consecuencias previstas no *Procedemento para o seguimento e o control da docencia da Facultade de Dereito*, capítulo 2 Planificación docente e aprobación das guías docentes *in fine*: "A inobservancia inxustificada das recomendacións realizadas polo coordinador, cando sexan substanciais a xuízo da comisión de calidade e poidan causar prexuízos ao alumnado, será tida en conta para a avaliación da actividade docente do profesorado do centro e, se así se estima pertinente, será motivo de comunicación oficial ao departamento correspondente e, se é o caso, ao vicerreitorado de Organización Docente e Profesorado".
3. En relación coas guías docentes do Máster Universitario en Avogacía:
  - a) Aprobar as guías que figuran en verde no informe de revisión das guías elaborado pola coordinadora do grao,
  - b) Aprobar as guías docentes que figuran en amarelo, sen prexuízo de recomendar aos profesores que fagan as correccións indicadas.
  - c) Aprobar as guías docentes que figuran en vermello, condicionadamente a que se fagan as correccións no prazo de 24 horas. Se nese prazo non e se fan as correccións as guías non serán aprobadas e poranse en marcha as consecuencias previstas no *Procedemento para o seguimento e o control da docencia da Facultade de Dereito*, capítulo 2 Planificación docente e aprobación das guías docentes *in fine*: "A inobservancia inxustificada das recomendacións realizadas polo coordinador, cando sexan substanciais a xuízo da comisión de

calidade e poidan causar prexuízos ao alumnado, será tida en conta para a avaliación da actividade docente do profesorado do centro e, se así se estima pertinente, será motivo de comunicación oficial ao departamento correspondente e, se é o caso, ao vicerreitorado de Organización Docente e Profesorado".

4. Validar a proposta de Alegacións e plan de accións de mellora ao Informe provisional da Auditoria Externa Inicial para a Certificación da Implantación do SGC da Facultade de Dereito
5. Validar a proposta do Plan de coordinación docente do Grao en Dereito.
6. Informar favorablemente a reforma do Regulamento de elaboración do Traballo de Fin de Grao, sen prexuízo de que calquera membro da Comisión poida informar ao Decanato se atopa algún aspecto mellorable antes de que pase pola Comisión Permanente.
7. Remitir un escrito ao administrador do centro e ao Director da Área de Posgrao para que se especifiquen as funcións do PAS de apoio o Máster e, en todo caso, se inclúan as competencias de xestión administrativa do Máster.
8. Remitir un escrito á Vicerreitoría de profesorado manifestando o seu apoio ao colectivo dos profesores axudantes doutores incidindo en que a situación conxuntural que vivimos non debe prexudicar os dereitos adquiridos e os dereitos de promoción dos axudantes doutores e solicitar á Universidade que adoite una actitude proactiva na defensa dos mesmos.
9. Remitir ao Director da Área de apoio á docencia e a calidade un escrito solicitando que se remita ao centro a planificación coas datas concretas nas que se realizarán as enquisas de avaliación docente de cada profesor.
10. Remitir á Comisión da Biblioteca e á Vicerreitoría de Investigación un escrito solicitando a colaboración con DIALNET ou a subscripción dos servizos

Ourense, 9 de xullo de 2015.

Decanato  
Facultade de Dereito  
Universidade de Vigo

A secretaria

M<sup>a</sup> Dolores Fernández Fustes

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión ordinaria da Comisión de Garantía da Calidade da Facultade de Dereito de Ourense celebrada o día 8 de xullo de 2015 se publicaron oficialmente no taboleiro de anuncios da Facultade o día 9 de xullo de 2015.

A SECRETARIA

M<sup>a</sup> Dolores Fernández Fustes